

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se modifica a relación definitiva de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG nº 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG nº 2016, do 14 de novembro).

Por Resolución da Comisión de Selección do 29 de maio de 2023 aprobouse e fíxose pública a relación definitiva de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG nº 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG nº 216, do 14 de novembro).

No apartado cuarto da citada resolución establecíase que "Aquelas persoas que figuran no anexo desta resolución definitiva de persoas propostas para superar o procedemento selectivo, e resultasen tamén seleccionadas, provisional ou definitivamente, nunha especialidade do mesmo corpo en resolución ditada no concurso excepcional de méritos de estabilización de emprego temporal convocado por outra administración educativa, deberán renunciar á praza adxudicada nesta resolución, no prazo de cinco (5) días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da consellería (www.edu.xunta.gal), se desexan obter praza no ámbito de xestión dunha administración educativa distinta á a da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades".



Presentadas 32 renuncias á praza adxudicada, esta Comisión de Selección

RESOLVE:

Primeiro. Aceptar as renuncias presentadas e excluír da relación definitiva de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (*código de procedemento ED001B*) (DOG nº 206, do 14 de novembro), ás persoas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Incluír na relación definitiva de persoas propostas para superar os procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (*código de procedemento ED001B*) (DOG nº 206, do 14 de novembro), ás persoas que se relacionan no anexo II.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

